

O Recanto


Falaba a semana pasada neste Recanto dun "rezador" que a meirande parte dos lectores habían coñecer máis como escritor e xornalista, Álvaro Cunqueiro; mesmo pode que a non poucos lles sorprendera esta faceta do egrexio escritor galego.

Nesta ocasión quero falar doutro egrexio persoeiro da cultura galega, que tiña tamén un proído pola oración: Eladio Rodríguez, a quen a Real Academia Galega dedica este ano o Día das Letras Galegas. É un home posiblemente descoñecido hoxe para moitos galegos, pero non así para os que amamos esta lingua; Eladio Rodríguez éranos ben coñecido pola súa obra magna: o "Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano", publicada pola Editorial Galaxia dez anos despois da súa morte, tras superar numerosos atrancos para a súa edición. Unha

magnífica publicación que teño a sorte de que estea nos andeis da miña biblioteca dende hai máis de vinte anos, grazas á xenerosidade dun antigo profesor meu. A esta obra vou beber aínda hoxe cando busco palabras ou expresións que xa non aparecen nos dicionarios máis recentes. Pero Eladio Rodríguez foi máis que un gran filólogo da lingua galega, foi un dos "bos e xenerosos" que merece sobranceiramente este título polo seu compromiso solidario con Galiza e os galegos. Prolixo xornalista, foi socio e mesmo fundador de moitos foros galeguístas. For-

As oracións de Eladio Rodríguez

Victorino Pérez Prieto



mou parte da Liga Gallega, participou nas Irmandades da Fala, no Seminario de Estudos Galegos, na Asociación de Escritores galegos, etc. Participou tamén na fundación da Academia Galega, da que che-

gou a ser presidente.

Aínda hai máis, Eladio Rodríguez foi tamén un salientable poeta, un crente galego e un home que, coma Cunqueiro tiña un gran aprecio pola oración. Ata o punto de poñerlle ao máis importante dos seus libros de poemas un expresivo título: "Oracións campesiñas". Como Cunqueiro, Eladio Rodríguez re-

zaba escoitando o merlo, o vento, o río, a fonte, os piñeiros e os carballos. A súa poesía posúe un "misticismo da terra", como escribiu hai máis de catro décadas o seu fillo Julio Rodríguez, no *Boletín da Real Academia Galega* (1956). Eladio vía a Deus na realidade da súa terra, e amaba fondamente o agro galego, cun certo sentimento panteísta que semella divinizar a natureza. Pero a súa poesía reflexa tamén unha persoa asentada firmemente na fe cristiá, no Deus Pai, en Xesús Cristo e na tradición da Igrexa; un home que rexeita enerxicamente a superstición ("Meigallos").

Esta crenza cristiá é o que reflicten, sobre todo, moitos poemas de "Oracións campesiñas".

Desde o que abre o poemario, que leva o mesmo título do libro, ata outros como "Rezos", "A hora mística", "O pan noso", "Ben de Dios", "O santo tempo", "Oración sen nome", "Sant-Iago", etc. ou o último co que remata a obra, "A oración santa".

Así reza o poema "Oracións campesiñas": *"Quixera que os meus versos / entrasen nas casupas humildes das aldeas / a esa hora sagra das reunións nouturnas / en que a cociña é un templo /... i alí, ó pé da lareira, ó amor do lume / ... visen como a familia, toda xunta / reza o santo rosario / e roga polas almas xa difuntas / e polos nenos orfos / e polos desherdados da fortuna / e pide a Dios o pan de cada día / en patriarcales súplicas... / ... Quixera que os meus versos / chegasen ás conciencias máis escuras / e despertasen nelas / as voluntades murchas /..."*